

NOITE DE GOLPES

Texto de ALLAN AHLBERG

Ilustracións de ANDRÉ AMSTUTZ

Tradución de SANDRA e ÓSCAR SENRA GÓMEZ

Encadernado en cartón. 21,2 x 27,5 cm. 32 páx. 16 €

Con tinta fosforescente na cuberta.

Noite de golpes (galego)

ISBN 978-84-1343-374-5. Álbum ilustrado. Tras os montes.

Noche de golpes (castelán)

ISBN 978-84-1343-375-2. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

Trompades enmig de la nit (català)

ISBN 978-84-10387-14-0. Álbum iHustrat. Clàssics contemporanis.

*No escuro, escurísimo soto dunha escura, escurísima casa,
un esqueleto pequeno está a ler un cómic.*

*Nunha escura, escurísima rúa dunha escura, escurísima cidade,
un esqueleto grande está a pasear o can.*


*O esqueleto grande entra correndo na casa ao mesmo tempo
que o pequeno sae ás présas....*

Os protagonistas desta mítica serie sofren unha sucesión de cómicas caídas. Nin en soños parecen estar a salvo!

Con tantos choques, tropezos e cabezadas, estes esqueletos non só son os máis divertidos da literatura infantil, senón tamén os máis torpes. Sorte que o doutor Ósos resolve con vendas, gasas e estribeiras as consecuencias de tantos contratemplos.

Logo de «Os esqueletos divertidos» e «Soñar con dinosaurios», as gargalladas están de novo aseguradas con «Noite de golpes». Tralo icónico inicio que sitúa as lectoras e os lectores na escuridade dun soto, dunha casa, dunha rúa e dunha cidade, sucédense os accidentes fortuítos entre o esqueleto pequeno e o esqueleto grande: xogando a distintos deportes, pintando o seu fogar de chamativas cores -con cenos á arte pop- e ata bailando a canción *O esqueleto do disco* «Canta connosco!» de Migallas... non hai situación que non remate cunha boa zoupada.

Cunha composición a base de viñetas e bocadillos de texto que remiten ao cómic, as ilustracións destacan polo contraste entre a ambientación nocturna e o intenso colorido dos espazos onde transcorre a historia. O ritmo e o dinamismo das imaxes e a abundancia de detalles fannos volver repetidas veces sobre estas páxinas cheas de humor, ritmo e sorpresas.



■ **Temática:** conto de intriga e de humor.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** esqueletos, os ósos do corpo, anatomía, saúde, medicina; paciencia; noite, soños; xogos, cancións; cómic, arte; os elementos gráficos da cuberta brillan na escuridade: outros títulos da serie: «[Os esqueletos divertidos](#)» e «[Soñar con dinosaurios](#)».

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/noite-de-golpes-g>

Allan Ahlberg

(Croydon, Inglaterra, 1938 - 2025)

Autor dunha extensa bibliografía de clásicos da literatura infantil. Mestre de Educación Primaria, comezou a súa traxectoria como escritor en 1975, xunto coa súa primeira dona, a ilustradora Janet Ahlberg, á que coñeceu na escola de maxisterio. Ata que ela faleceu en 1994, xuntos chegaron a publicar uns 40 títulos distinguidos con premios tan importantes como a Medalla Kate Greenaway ou o British Book Award. A obra completa deste escritor suma máis de 150 libros, algúns deles ilustrados pola filla de ambos os dous, Jessica Ahlberg.

André Amstutz

(Brighton 1925 - 2015)

Estudou arte e deseño na Escola de Arte de Brighton a principios da década de 1940. Tras servir na Segunda Guerra Mundial, traballou no equipo de animación de Musical Paintbox, unha serie de curtametraxes sobre a historia e a cultura británicas. Posteriormente foi director de arte en prestixiosas axencias de publicidade, onde deseñou carteis e material promocional para destacadas firmas. A partir de 1960 desenvolveu unha prolífica carreira como ilustrador de libros para público infantil, con máis de 60 títulos. Foi Allan Ahlberg -a quen coñeceu sendo lector do Colexio de Arte e Deseño de Leicester- quen o introduciu neste sector e xuntos crearon as series *Funny Bones* e *Happy Families*. Foi membro da Sociedade de Artistas e Deseñadores Industriais.

www.**kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com